

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICAS SOCIAIS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **14 de decembro de 2023**

Ás 17.04 horas do día 14 de decembro de 2023, réunese a Comisión Informativa de Políticas Sociais, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D.^a Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Rosendo Luís Fernández Fernández, que é substituído por don Manuel Seoane Rodríguez.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2023.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de novembro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Políticas Sociais do día 16 de novembro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O Sr. presidente: dá resposta a unha pregunta formulada polo BNG, sobre a aplicación informática de xustificación de axudas de asistencia básica. Indica que hai un informe da Área de Benestar. Engade que existía unha ferramenta informática da propia casa para a axudas no fogar, asistencia básica, pero non respondía ás necesidades de todos os servicios, e non lles estabamos dando o servizo que eles necesitaban. A petición dos propios usuarios se lles deu unha subvención para que cada un contrate a ferramenta que mellor se adapte ás súas necesidades e isto se fixo no ano 2023 e farase en 2024. Así cada un contratará a ferramenta que mellor se adapte para xestión e xustificación da Deputación como da Xunta de Galicia.

D.ª María José Mangana Guede, do BNG: pregunta por un rogo que se fixo no pleno sobre o recoñecemento a Antonia Ferrín e Marisa Crespo, astróloga e cardióloga respectivamente, e pregunta en que punto está e se se vai levar a cabo.

O Sr. presidente: responde que ese tema o leva César Fernández, deputado de Cultura, que non está presente e que se lle contestará.

D.ª Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista: pregunta cal é a colaboración que presta a Deputación Provincial á asociación diabética Áurea, e se o local onde desenvolven a súa actividade pertence á Deputación de Ourense ou se esta paga o seu alugueiro. Pregunta se está ao corrente das necesidades de mellora no local, e das dificultades de acceso que teñen os voluntarios e asociados deste local e se teñen previsto algún tipo de actuación.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Gurpo Popular, responde que se reuniron con ela, o local é da Deputación e o están utilizando dende hai moitísimos anos. Hai un convenio dos anos noventa e non ten accesibilidade e ten problemas de cheiros. É un edificio que forma parte dunha comunidade. Di que lle pediron un informe á técnica da Deputación para que valorase a situación e estudar a viabilidade, xa que é un edificio antigo, e trasladarlllo á comunidade de veciños para poder facer esas obras, que cree que non será fácil e consistirían en baixar o ascensor ao soto, onde tamén hai outras oficinas. Cando se solicitou a técnica estaba de vacacións e nestes días incorporouse, e visitará a asociación e nos dará a solución técnica. É un edificio que depende dunha comunidade de veciños, se atendeu á solicitude e serán os técnicos os que nos darán as directrices.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG: di que é un soto e ao chover hai porcallada, tamén hai outros locais de varias entidades, hai unha comunidade de veciños e terá que chegarse a un acordo por salubridade, polo que é importante que se faga algo.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular di que facemos as cousas por orde, unha vez que chegou a solicitude, falamos cos técnicos e eles determinarán cales son as solucións, e se é viable. Estanse dando os pasos. Procederáse nos próximos días a facer a visita polos técnicos.

D.^a Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista: di que na modificación de crédito 2/2023 de febreiro, orzouse un millón de euros para, segundo indicou o presidente, un plan pioneiro en Europa contra a soidade non desexada, cunha app móbil para o seguimento, que convertería a Ourense no primeiro territorio europeo en ofertar unha solución tecnolóxica cun servizo de teleasistencia avanzado a través de dispositivos móbiles. O plan chamábase SeniorTV e estaba previsto para o segundo semestre de 2023. Pregunta como está a día de hoxe o desenvolvemento e como está a implantación deste plan.

O Sr. presidente responde que o plan está, de momento, esgotado. A teleasistencia é unha liña de actuación fundamental e de mellora constante e tv senior non é unha prioridade deste goberno.

E, ás 17.13 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

